

AROUSA

[Volver](#)

## As Torres, segundo no Control de Inverno por detrás do Tudense

A breoganista Tania Álvarez Yates gañou a proba de K-1 Muller Cadete-A

**Pablo Penedo** | 23/2/2010

A tempada 2010 de piragüismo arrincou o pasado sábado a nivel autonómico coa celebración do Control de Auga de Inverno no encoro ourensán de Castrelo de Miño. E fíxoo poñendo de manifesto un ano máis a



supremacía galega do Kaiak Tudense a nivel de pista, e o poderío das Torres-Romaría Vikinga, gañador e segundo respectivamente na clasificación por equipos.

O colectivo de Tui sumou un total de 3.318 puntos nas quince probas disputadas en Ourense, polos 2.022 das Torres. O Náutico Rodeira de Cangas e o Náutico Firrete repartíronse por unha estreita marxe o terceiro e o cuarto posto, respectivamente, con 1.448 e 1.433 puntos cada un.

Polo que se refire ao resto dos equipos arousáns, o Breogán do Grove finalizou sétimo con 1.083 puntos, o Piragüismo A Illa oitavo con 1.012, o Náutico Pontecesures decimoterceiro

con 549 e o Náutico O Muíño de Ribadumia decimosexto con 370. O Piragüismo Cambados e o Liceo Casino de Vilagarcía foron dous dos once clubs que non foron quen de puntuar, de entre un total de 37 sociedades deportivas participantes.

A nivel individual, a breoganista Tania Álvarez Yates foi a aousá con mellor resultado, ao gañar a proba de K-1 Muller Cadete-A. A palista do Grove completou os 5.000 metros do trazado, comúns ás tres categorías do programa -cadete, xuvenil e sénior- nun tempo de 24 minutos, 41 segundos e 350 milésimas. Só 1,910 segundos menos cos empregados por Mónica Araujo Martínez, do Kaiak Tudense, nun dos finais máis apretados de cantos se puideron ver o sábado en Castrelo de Miño.

### **Dobrete aousán no C-1 Sénior**

As Torres regresou de Ourense con tres metais. Os colleitados por Rubén Gómez Rial, prata no C-1 Home Cadete-A, sen opción de vitoria a 44,680 segundos do gañador, o bronce de Antonio Manuel Lobato no C-1 Home Xuvenil, e o segundo posto de Diego Romero Fraga no C-1 Home Sénior. Este último, nunha proba con José Luis Bouzas, do Tudense, impoñéndose con 17,730 segundos sobre Romero e con 26,120 sobre o grovense Tono Campos, agora enrolado nas filas do Elemental Piragüismo Madrid e que viña con menos dun mes de adestramentos ás costas.

O medalleiro individual aousán o completa a prata de Andoni Larrauri, do Náutico O Muíño, que rematou a proba de K-1 Home Xuvenil a tan só 1,690 segundos do seu ata hai escasos meses compañeiro de equipo Gabriel Campo, hoxe de volta na súa terra natal baixo as cores do recién creado Club de Piragüismo Aldán.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidade local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidade nacional:

Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.